

## **Decreto 419/1993 do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre descarga, primeira venda e comercialización dos recursos mariños en fresco.**

Para acadar unha eficaz protección dos recursos mariños non só se deben adoptar medidas articuladas exclusivamente sobre a ordenación da actividade extractiva (artes, vedas, tamaños o permisos de explotación), senón que se debe completar con outras medidas tales como a ordenación comercial, en tódalas súas fases, que se inicia coa descarga en porto, continúa coa primeira venda e prosegue coa fase de comercialización estricita.

A regulación das descargas é fundamental, tanto desde o punto de vista da xestión portuaria, como tamén como medio para controla-los tamaños e maila cantidade das especies capturadas e a lexitimación de quen as captura; no exercicio dese control están implicados non só os respectivos órganos desta administración autonómica senón tamén as entidades concesionarias das lonxas ou dos centros de descarga e fenda dos produtos da pesca.

Polo que á primeira venda se refire o artigo 97 da Lei 6/93, do 11 de maio, de pesca de Galicia, dispón que tratándose dos peixes e mariscos comercializados en fresco, aquela deberá efectuarse preceptivamente nas lonxas ou nos lugares que para tal fin se establecerán regulamentariamente, sen prexuízo da existencia de determinadas excepcións.

Por último, a comercialización constitúe a derradeira fase do proceso, sendo o seu obxectivo final poñer en mans do consumidor os recursos naturais procedentes do medio mariño, dentro do marco establecido pola Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia, especialmente no seu artigo 4, que prevé a regulación de actividades comerciais que requiran un tratamento singular pola natureza do produto; no mesmo sentido, o artigo 103 da Lei 6/93 dispón a posibilidade de establecer medidas que contribúan á eliminación de obstáculos comerciais no sector pesqueiro. Estas materias - descarga, primeira venda e comercialización-, atopábanse regulamentadas no Decreto 75/1991, do 21 de febreiro, sobre descarga e primeira venda dos produtos da pesca fresca, parcialmente modificado polo Decreto 156/91, e no Decreto 406/1991, do 14 de novembro, polo que se regula a comercialización dos produtos da pesca fresca e da acuicultura.

Tendo en conta a necesidade de dar un tratamento homoxéneo a estas materias, así como de adaptalas á lexislación vixente, especialmente ó Regulamento CEE2847/93, do 12 de outubro, polo que se establece un réxime de control aplicable a política pesqueira común, é aconsellable refundir nun só texto a normativa anteriormente citada.

Na súa virtude, por iniciativa dos conselleiros de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, Industria e comercio, Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, e Sanidade e Servicios Sociais, por proposta do conselleiro da Presidencia e Administración Pública, oído o Consello Galego de Pesca na súa sesión do día 30 de novembro de 1993 e logo da leliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión día 17 de decembro de 1993,

# TÍTULO I .- OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

## Artigo 1º

O presente decreto ten por obxecto regular, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma galega:

- a) A descarga, e primeira venda dos produtos frescos da pesca (peixe e marisco) que se levan a cabo nas lonxas ou centros autorizados.
- b) A actividade comercial dos produtos frescos da pesca, algas e da acuicultura, calquera que sexa a súa orixe.

## Artigo 2º

Quedan exceptuadas do ámbito de aplicación deste decreto no referente á descarga e primeira venda:

- a) A venda que realicen os titulares de concesións administrativas das especies obtidas con técnicas de semicultivo. Para este suposto a Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura sinalará as condicións e réxime regulador das vendas, debéndose aporta-los datos estatísticos que se esixan en cada caso.
- b) A venda das especies procedentes de establecementos de cultivos mariños e auxiliares, salvo que os seus titulares desexen voluntariamente realiza-la primeira venda na forma prevista neste decreto e dentro do marco establecido no Regulamento CEE 2847/1993.

## Artigo 3º

Queda prohibida a descarga, primeira venda e comercialización de especies de tamaño inferior ó regulamentario, salvo nos lotes non clasificados, nos que se poderá permitir ata un 10% de especies que non alcancen o tamaño requerido.

# **TÍTULO II .- DESCARGA E PRIMEIRA VENDA**

## **CAPÍTULO I .- DA DESCARGA E VENDA**

### **Artigo 4º**

Soamente poderán descargar e, se é o caso, vende-los productos da pesca en fresco as persoas físicas ou xurídicas que teñan en vigor o oportuno permiso de explotación.

### **Artigo 5º**

As operacións de descarga da pesca en fresco que se realicen nos portos situados na Comunidade Autónoma de Galicia, levaranse a cabo en réxime de liberdade de empresa e con suxeción o establecido nas disposicións de réxime de policía de portos e do estipulado no Decreto 157/1986, do 22 de maio (portos).

### **Artigo 6º**

- 1.** A explotación das lonxas situadas nas zonas de servizo de portos de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia rexerase polo disposto no Decreto 177/1986, do 4 de xuño.
- 2.** Alí onde non exista lonxa, as consellerías de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, e de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, de común acordo, poderán establecer ou autorizar, logo de solicitude da entidade interesada, a instalación de centros de descarga e de centros de venda.

### **Artigo 7º**

1. A pesca en fresco descargada nos portos ou centros de descarga da Comunidade Autónoma galega terá que ser poxada obrigatoriamente nas lonxas ou centros de venda situados nela e autorizados regulamentariamente.
2. O control das descargas e das poxas será levado a cabo pola entidade da que dependan as respectivas lonxas e centros autorizados, a cal será responsable de que se cumpra a normativa establecida para a comercialización dos produtos descargados

## **Artigo 8º**

1. No suposto de que as especies non teñan o tamaño regulamentario serán retidas pola entidade concesionaria ou responsable e daralle conta á Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura para os efectos oportunos.
2. A consellería de pesca, Marisqueo e Acuicultura establecerá o sistema de mostraxe que se empregará en cada caso para efectua-lo control das capturas.

## **Artigo 9º**

1. Queda prohibida a venda directa dos produtos fescos da pesca fora das canles establecidas neste decreto.
2. A Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura poderá autorizar, logo da súa solicitude polos interesados, a venda directa de especies de demanda específica ou de nova implantación nos casos de dificultade reiterada na súa poxa.

## **Artigo 10º**

1. Efectuada a descarga, procederase á poxa na lonxa ou centro de venda do porto de descarga. Non obstante, se o propietario das especies descargadas decide vender estas nunha lonxa ou centro de venda distintos do porto de descarga, poderá face-lo transporte das ditas especies por vía terrestre ata a lonxa ou centro de venda de destino, coa obtención da gía de descarga e baixo as condicións de transporte que se especifican no artigo seguinte.
2. Nos centros de descarga de marisco controlaranse o permiso de explotación e mailas especies capturadas, que serán trasladadas na forma en que dispoña o responsable da entidade titular daqueles á lonxa o centro de

venda da Comunidade Autónoma de Galicia a que sxaan destinadas. Unha vez entregada a mercadoría no centro de descarga non poderá ser retirada polo mesmo propietario.

- 3.** A mercadoría será transportada desde os centros de descarga pola entidade responsable destes ata a lonxa ou centro de venda, logo de obtención da guía de descarga e baixo as condicións de transportes que se especifican no artigo seguinte.

## **Artigo 11º**

O transporte das especies desembarcadas ata a lonxa ou centro de venda onde se poxen, tanto se proceden de centros de descarga como se proceden de centros de descarga como se proceden de portos onde o propietario da descarga decidiu non realiza-la venda, farase baixo as seguintes condicións:

- a)** O vehículo empregado para o transporte deberá cumprir tódolos requisitos establecidos na regulamentación técnico-sanitaria que fixa as normas aplicables a comercialización de moluscos bivalvos vivos da pesca e da acuicultura regulados polos reais decretos 571/99 de 10/04/99, polo que se aproba a regulamentación técnico sanitaria que fixa as norms aplicables á comercialización de moluscos bivalvos vivos e 1437/92 do 17 de novembro, polo que se aproban as normas aplicables á produción e comercialización dos produtos pesqueiros e a acuicultura.
- b)** O transportista deberá ir provisto dunha guía de descarga que amparará o produto transportado. Esta guía será expedida pola entidade concesionaria da lonxa ou, no seu defecto, pola responsable do centro da venda ou do centro de descarga, segundo o modelo que se aprobe por orde da Consellería de pesca, Marisqueo e Acuicultura e que terá que conter necesariamente os seguintes datos:
  - Entidade concesionaria.
  - Identificación da embarcación ou productor.
  - Identificación das capturas.
  - No caso de embarcación pesqueira, última descarga efectuado e expresión da data.
  - Lonxa de destino ou centro de venda de destino.
  - Identificación del transportista y medio de transporte.

- c) A referida guía soamente será válida ata o centro de venda ou lonxa onde vaia destinada a mercadoría.
- d) A entidade concesionaria da lonxa, ou a responsable do centro de venda ou do centro de descarga recollerá e comprobará a veracidade dos datos reflectidos nela susceptibles de comprobación, no momento de recibila mercadoría para a súa venda.

## Artigo 12º

Descargado o produto a pesca en fresco e comenzada a poxa sen que se chege a termo por retirada das especies a petición do propietario, éste viría obrigado a aboa-las tarifas aplicables nos portos da Comunidade Autónoma de Galicia.

As taxas que correspondan por descarga liquidarnase por retención na poxa na forma prevista no Decreto 290/1986 e preceptos concordantes. Cando as capturas retiradas sexan almacenadas serán aboadas as taxas no momento que se saque novamente a poxa.

## Artigo 13º

Sen prexuízo do disposto no artigo anterior, a entidade concesionaria da lonxa ou centro de descarga procederá cobrarlle ó propietario das especies, polos servicios de control, ata o un por cento sobre o valor da pesca ou marisco.

A porcentaxe establecida no apartado anterior será deducida do tanto por cento que teña estipulado a lonxa do destino final polos servicios de venda.

## Artigo 14º

1. Únicamente se poderán dedicar a adquisición de produtos frescos da pesca e do marisqueo en lonxas o centros de venda:
  - a) Os **vendedores por xunto** de peixe ou marisco fresco, sexan persoas físicas ou xurídicas que estean de alta na matrícula de actividades económicas.
  - b) Os **comerciantes retalistas** de produtos frescos da pesca da localidade onde radique o porto no que se efectúen as compras.

c) Os **industriais** que se dediquen a calquera tipo de transformación de peixe ou marisco en fresco.

d) Os **armadores**, respecto das partidas da súa propia pesca sobre a que realicen directamente a venda e expedición, se é o caso, a outros centros de consumo.

2. As entidades concesionarias da lonxa ou responsables do centro da venda poderán esixirlles ós compradores que desexen desenvolver a actividade na súa lonxa os avales de garantía que consideren oportunos.

3. Sen prexuízo do disposto nos apartados anteriores, os **particulares** poderán adquirir directamente, en lonxas ou centros de venda, ata unha cantidade non superior a tres quilogramos de produto.

## Artigo 15º

1. A poxa realizárase á baixa e antes do seu comezo expoñeráse a totalidade das especies no lugar destinado para o tal efecto. No caso das especies peláxicas abundará coa exposición dunha mostra fiel e abundante da especie que se vai poxar.

2. Se a poxa se pretenda realizar á alza, deberá obterse previamente o correspondente permiso da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.

## Artigo 16º

1. As entidades concesionarias de lonxas ou responsables de centros de venda que teñan telefonía debidamente autorizada para o efecto, poderán vende-las capturas obtidas en modalidade de pesca de cerco comunicadas polas embarcacións desde o mar

2. Cando se solicite a venda por telefonía, o patrón deberá anotar no diario de pesca da CE ou no correspondente libro de control de desembarcos, a hora de chamada, a cantidade e as especies que se van poxar, realizada a venda, a entidade concesionaria da lonxa ou responsable do centro de venda anotará no diario de comunicación os referidos datos.

3. Se os lotes vendidos por telefonía se pretenden descargar nun porto distinto do da venda, a entidade concesionaria da lonxa ou a responsable do centro da venda virá obrigada a comunicarllo de forma inmediata e por medio telemáticos á correspondente delegación territorial da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, non podendo realizarse a descarga ata dúas horas despois de ser transmitida a dita comunicación.

## **Artigo 17º**

- 1.** Rematada a venda, a entidade concesionaria expediralle unha factura, albará ou unha copia compulsada destas a cada comprador, indicando as especies e mailo peso de cada unha, o nome do comprador e o destino da pesca, así como o documento de rexistro o que fai referencia o real decreto 571/99 de 10/04/99.
- 2.** Os vehiculos que efectúen o transporte terrestre da pesca ou marisco deberán ir provistos de calquera dos documentos no apartado anterior.

## CAPÍTULO II .- OUTRAS DISPOSICIÓNS

### **Artigo 18º**

Cando unha embarcación faga subministración de carnada no mar, o patrón do barco abastecedor comunicará á lonxa do seu porto base a identificación da embarcación á que abastece e a cantidade e especies subministradas; os referidos datos anotaranse no diario de pesca CE ou no correspondente libro de control de desembarcos.

### **Artigo 19º**

De conformidade co disposto no artigo 21 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, modificada pola Lei 7/1993 do 24 de maio, as entidades concesionarias das lonxas ou centros de venda ou descarga deberán achegar un resumo estatístico das descargas e vendas na forma e prazos que se determinen.

### **Artigo 20º**

- 1.** Así mesmo, as entidades concesionarias confeccionarán un regulamento de réxime interior, o cal, unha vez aprobado polo órgano competente, se remitirá á Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura para os efectos oportunos.
- 2.** O regulamento terá que conter necesariamente os seguintes datos:
  - Horario de vendas.



- Sistema de quendas (turnos) de venda.
- Puntos de venda autorizados.
- Efectividade da venda.
- Dereitos e deberes dos vendedores.
- Dereitos e deberes dos compradores.
- Cobros e pagamentos.
- Rexistro de vendas.
- Composición da comisión de vendas, de existir.
- Funcións da comisión de vendas.

### **Artigo 21º**

- 1.** A Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura poderá autorizar, logo de instancia dos interesados, as vendas reguladas no presente título mediante o sistema de poxa previa. Este sistema consiste no sinalamento dun valor fixo dunha determinada especie que rexerá a poxa durante un período concreto.
- 2.** A citada Consellería fixará na autorización as condicións específicas que rexerán na poxa.

## **TÍTULO III .- COMERCIALIZACIÓN**

### **CAPÍTULO I .- DA ACTIVIDADE COMERCIAL**

### **Artigo 22º**

So poderán realizar actividades comerciais relacionadas cos produtos frescos da pesca, algas e da acuicultura aquelas persoas que reúnan os requisitos que para tal fin sinala a lexislación vixente.

### **Artigo 23º**

**1.** Ó efectua-las vendas, os comerciantes polo xunto dos produtos frescos da pesca, algas e da acuicultura, deberán estender unha factura ou albará no que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos:

- 1.** Lugar de procedencia do produto.
- 2.** Nome ou denominación social do vendedor anterior.
- 3.** Nome ou denominación social do comprador
- 4.** Especie e peso en quilos da mercadoría.
- 5.** Data.
- 6.** Sinatura.

**2.** Os comerciantes retalistas que en calquera tipo de establecementos se dediquen á actividade comercial dos produtos citados, deberán esixirlle ó vendedor a entrega da correspondente factura ou albará.

#### **Artigo 24º**

**1.** As lonxas e establecementos de venda dos produtos frescos da pesca e cultivos mariños, deberán ter exposto en lugar ben visible un cadro no que figuren os seguintes datos:

- a)** Procedencia das especies postas á venda.
- b)** Nome xenérico das especies e, se fosen de orixe galega, adxectivo galego ou das rías.
- c)** Tamaños mínimos para a súa comercialización se é o caso, cando o seu destino sexa o consumo humano.

**2.** Os establecementos de hostelería indicarán na carta que ofrezan ós seus clientes a procedencia e nome xenérico dos moluscos e crustáceos e dos produtos de acuicultura especificando, se fosen de orixe galega, o adxectivo galego ou das rías.

#### **Artigo 25º**

**1.** Os establecementos de cultivos mariños e os seus auxiliares levarán un sistema de control que permita coñecer diariamente as entradas e saídas de mercadorías, co número de factura correspondente.

2. Nos termos previstos no artigo 21 da Lei 9/1988, os citados establecementos remitiranlles ós servicios de estatística da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, datos sobre a súa produción e/ou movementos efectuados anualmente.

## CAPÍTULO II .- ENVASADO E ETIQUETADO

### **Artigo 26º**

1. Os recipientes destinados a seren reutilizados na distribución dos produtos ós que se refire o presente título serán de material resistente á corrosión e de fácil limpeza.  
A súa capacidade será a suficiente para conter cantidades adecuadas de xeo e de produtos e terán unha forma que permita amorealos (amontonarlos) unha vez cheos sen que se cause dano ó produto que conteñan.
2. Estes recipientes non poderán ser de madeira, solvo os que fosen non recuperables, os cales deberán ter a calidade suficiente para resistir as manipulacións necesarias durante a distribución.
3. Os moluscos dos que non sexa obrigatoria a depuración deberán ir en sacos de material macromolecular de cor vermella e dispoñerán dun mecanismo de cerramento que garanta, cando chegen ó consumidor final, que non foron abertos nin manipulados desde o seu envasado.  
A súa capacidade será preferentemente de 0,5 kg, 1 kg ou 2 kg de produto e levarán todas elas unha tarxeta na que se consignen os datos ós que se fai referencia no artigo 28.
4. Os envases dos moluscos bivalvos vivos de depuración obrigatoria deberán cumprir-lo disposto no regulamento técnico-sanitario que fixa as normas aplicables á comercialización dos moluscos bivalvos vivos, de salubridade dos moluscos.
5. O interior dos recipientes destinados a conter produtos frescos da pesca e da acuicultura só poderá ser recuberto cos materiais autorizados para tal efecto pola regulamentación técnico-sanitaria correspondente.

### **Artigo 27º**

Os produtos a que fai referencia este título que se ofrezan á venda en mercados centrais e mercados retalistas estarán clasificados e seleccionados de

maneira que o contido de cada recipiente sexa de especie, tamaño e categoría comercial semellantes.

### **Artigo 28º**

**1.** Os recipientes que conteñan produtos frescos da pesca e da acuicultura terán que consignar obrigatoriamente, desde a súa orixe en porto ou lonxa ata o mercado central ou almacén por xunto os seguintes datos:

- Denominación do produto.
- Clasificación do produto.
- Nome ou razón social e domicilio do remitente.
- Cantidade neta.
- Lugar de procedencia especificando a rexión, se son de orixe española, ou o país se son orixe foránea.

**2.** Os datos indicados deberán estar consignados, así mesmo, cando os ditos recipientes sexan recibidos polo retalista e establecementos de hostelería, manténdose mentres queden expostos á venda.

### **Artigo 29º**

**1.** En virtude do disposto no artigo 10 da Lei 6/1991, do 15 de maio, de infraccións en materia de protección de recursos marítimo pesqueiros, as industrias transformadoras dos produtos frescos da pesca e da acuicultura e os titulares de establecementos de cultivos mariños e auxiliares, terán a obriga de facilita-lo acceso ás instalacións e colaborar nas accións inspectoras que realice ó persoal o Servicio de Protección de Recursos da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.

**2.** En todo caso poñerán á súa disposición a documentación necesaria para poder levar a cabo os controles de entrada de materias primas básicas e de existencia e saída dos produtos elaborados.

Disposicións adicionais

**Primeira.-** Para os efectos deste Decreto enténdese por:

- a. **Portos:** tódolos portos pesqueiros abranguidos no ámbito xeográfico da Comunidade Autónoma de Galicia ós que se refiren os artigos 27.9 e 28.6 do Estatuto de Autonomía de Galicia.
- b. **Lonxas:** centros de contratación e comercialización en primeira venda das especies mariñas.
- c. **Centros de descarga:** As instalacións fixas ou desmontables onde se realizan as descargas e desde onde se trasladan as especies ós centros de venda, tras efectua-los controles oportunos.
- d. **Centros de venda:** As instalacións fixas ou desmontables onde se efectúa a primeira venda, estacional ou ocasional, dos produtos frescos da pesca procedentes de centros de descarga.
- e. **Productos frescos da pesca:** Tódolos animais mariños non mamíferos capturados no seu medio natural con fins de comercialización e desembarcados en fresco.
- f. **Productos da acuicultura:** Tódolas especies mariñas obtidas por medios técnicos e científicos, nas súas fases de reprodución, desova, crecemento, preengorde e engorde, así como as capturadas no seu medio natural durante a fase de xuvenís e cultivadas ata que alcancen o tamaño comercial apropiado para o consumo.
- g. **Actividade comercial:** a realizada por persoas físicas ou xurídicas, consistente en colocar ou ofrecer no mercado produtos naturais ou elaborados por conta propia ou allea, así como aqueles servicios que dela se deriven.
- h. **Actividade comercial por xunto:** o exercicio habitual de adquisición de produtos e nome e por conta propios e a súa revenda a outros comerciantes maioristas, minoristas ou empresarios industriais para a súa transformación, ata o termo do proceso de produción.
- i. **Actividade comercial de carácter retalista:** o exercicio profesional de adquisición de produtos, en nome ou por conta propios, para a súa revenda ó consumidor final.
- j. **Lugar de procedencia:** País ou rexión onde ten lugar a extracción da pesca ou onde se realiza o cultivo mariño.

**Segunda.-** O disposto no capítulo II do título III do presente decreto axustarase ó previsto na regulamentación técnico-sanitaria que fixa as normas

aplicables á comercialización de moluscos bivalvos vivos, aprobado por Real decreto 571/99 de 10/04/99 e demais normas de aplicación.

#### Disposición derogatoria

Quedan derogadas tódalas disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ó disposto no presente decreto, e en parituclar as seguintes:

O Decreto 75/91, do 21 de febreiro, polo que se regula a descarga e primeira venda dos produtos da pesca, e do Decreto 156/91 que modifica o anterior.

O Decreto 406/91, do 14 de novembro, polo que se regula a comercialización dos produtos da pesca fresca e da acuicultura.

#### Disposicións derradeiras

**Primeira.-** Autorízase ós Conselleiros de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, Industria e Comercio, Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, e Sanidade e Servicios Sociais para, no ámbito das súas respectivas competencias, dictaren as normas que sexan precisas para a execución e desenvolvemento do disposto neste decreto.

**Segunda.-** O presente decreto entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.